

Setembro 2020

Estimad@ comerciante:

Por medio do presente, comunicamos a posta en marcha da **Edición de Setembro 2020 da campaña "Días Azuis do comercio galego"**; unha iniciativa da Federación Galega de Comercio e a Xunta de Galicia – Consellería de Economía, Emprego e Industria, coa colaboración de ABANCA e as federacións provinciais, asociacións de comerciantes e centros comerciais abertos de Galicia.

Facémosche chegar o material correspondente:

- **Cartel informativo**, para colocar nun lugar visible do teu establecemento.
- **Gráfica circular**, para colgar ou pegar no teu escaparate ou no interior.
- **Folletos circulares**, para distribuír entre os teus clientes.
- **Carta explicativa e bases da campaña**.

Nesta edición, a campaña **"Días Azuis do comercio galego"** terá lugar **entre o 14 e o 30 de setembro de 2020** e nela poderán participar todos os clientes do comercio de proximidade de Galicia que merquen nestas datas. Entre eles **sortearanse 16.200 euros en premios (28 tarxetas prepago regalo de 300 euros e 52 tarxetas de 150 euros) que deberán ser empregados para volver a mercar nos establecementos tradicionais galegos**. O sorteo realizarase ante notario o 7 de outubro de 2020.

Os teus clientes poden participar de 2 maneiras diferentes:

01- Rexistrar a súa compra en **www.diasazuis.com** (a través de calquera dispositivo electrónico: móbil, tablet, pc).

02- **Ou coa túa colaboración, comerciante, a través da plataforma www.diasazuis.com/comercios onde podes rexistrar directamente a operación de compra dos teus clientes. Deste xeito, o consumidor duplica a participación para o sorteo.**

*En tódolos casos, o cliente debe fotografíar e/ou gardar o seu ticket de compra como xustificante da mesma.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Durante os días de duración da campaña **"Días Azuis do comercio galego"**, invitámosche coma sempre a realizar **actividades especiais paralelas no teu propio establecemento: actuacións, obsequios, descontos especiais, etc.** Desta forma, a iniciativa **gañará impacto e poderás optimizar os seus resultados de cara as túas vendas.**

Do mesmo xeito, podes enviarnos fotos ou publicitalas nas túas redes sociais co hashtag #diasazuis.

Pola nosa banda, **apoiaremos esta campaña con publicidade en redes sociais e medios de comunicación.**

Poñemos á túa disposición toda a información da campaña a través de www.diasazuis.com e www.diasazuis.com/comercios; onde tamén podes descargar o material da mesma. Ademais, podes consultar calquera dúbida ó respecto no teléfono gratuito 900 103 087 ou a través do correo electrónico diasazuis@comerciogalicia.es.

Agardamos que esta iniciativa sexa do teu interese e agradecemos de antemán a túa colaboración.

Un cordial saúdo.



José María Seijas López
Pte. Federación Galega de Comercio



Sol María Vázquez Abeal
Directora Xeral de Comercio
e Consumo

BASES DA CAMPAÑA E SORTEO "DÍAS AZUIS DO COMERCIO GALEGO" - EDICIÓNS 2020

01. "DÍAS AZUIS DO COMERCIO GALEGO", é unha campaña promocional e publicitaria, promovida e organizada pola Federación Galega de Comercio, e a CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, coa colaboración de ABANCA, entidade esta última que aporta os premios a sortear nesta campaña, consistentes nunhas TARXETAS PREPAGO polos importes que se especificarán no apartado de "premios", as cales deberán ser utilizadas de novo polos agraciados para mercar no pequeno comercio galego. Esta campaña promocional terá dúas edicións durante o ano 2020, iniciándose a primeira en data 14 de setembro de 2020 e rematando o 30 de setembro de 2020; e a segunda iniciándose o 9 de novembro de 2020 e rematándose o 30 de novembro de 2020. Ambas edicións son parte dunha mesma campaña promocional e publicitaria, pero lévase a cabo en dúas edicións, para así abarcar un maior período de tempo e acoller máis tempadas de vendas habituais no sector, de xeito que a axuda ou colaboración que presta dita campaña aos pequenos comercios, para reactivar a súa economía, sea así maior e teña maiores efectos positivos no incremento das súas vendas, e tamén durante máis tempo ao longo do ano. O seu ámbito é autonómico, podendo participar consumidores/clientes do pequeno comercio detallista das catro provincias galegas: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, segundo a mecánica de funcionamento que se detalla nas presentes bases.

02. O OBTENTIVO FUNDAMENTAL DA CAMPAÑA é incrementar as vendas e incentivar o consumo no pequeno comercio detallista de Galicia.

03. A DINÁMICA E FUNCIONAMENTO DA CAMPAÑA/SORTEO É O SEGUINTE:

Trátase dunha campaña "aberta", na que poderán participar tódolos consumidores maiores de idade, que se existisen a tal efecto seguindo as indicacións detalladas seguidamente neste apartado, e que realicen unha compra por calquera importe en pequenos comercios detallistas galegos, sempre e cando a compra se realice durante as datas de duración da campaña. Isto é, do 14 de setembro ao 30 de setembro do 2020 na primeira edición; e do 9 de novembro ao 30 de novembro na segunda edición. Non poderán participar nesta campaña/sorteo os traballadores da Federación Galega de Comercio ou dos comercios galegos participantes, así como tampouco familiares ata segundo grao dos mesmos.

Así pois, os consumidores ou clientes que merquen no pequeno comercio detallista galego nas datas sinaladas (entre o 14 e 30 de setembro na primeira edición; e entre o 9 e o 30 de novembro na segunda edición, ambos engadidos), e desexen participar na campaña, deberán en todo caso conservar o ticket da compra realizada no pequeno comercio tradicional, ou fotografía do mesmo, a fin de dispoñer dun xustificante, SENDO AS MODALIDADES DE INSCRIPCIÓN E REGISTRO DA COMPRA REALIZADA AOS EFECTOS DE PARTICIPAR NO SORTEO, AS DÚAS SEGUINTE:

- O consumidor/cliente poderá rexistrarse para participar nesta campaña/sorteo a través da plataforma/dirección web habilitada a tal efecto e denominada www.diasazuis.com, efectuando o correspondente rexistro da operación de compra realizada no comercio tradicional detallista, que lle dará dereito a 1 participación no sorteo. No rexistro deberá quedar perfectamente identificada a operación da compra realizada e o cliente ou consumidor.
- So poderán facer un rexistro por operación de compra, e cada operación de compra rexistrada, equivale a 1 participación. Cantas máis compras fagan no pequeno comercio, máis participacións poderán obter e máis posibilidades de gañar.
- Outra modalidade de rexistrarse para participar nesta campaña/sorteo será contando coa colaboración activa do comerciante detallista (modalidade de participación a realizar exclusivamente no establecemento comercial), e a través da plataforma habilitada a tal efecto denominada www.diasazuis.com/comercios, debendo quedar así mesmo perfectamente rexistrada a operación de compra no comercio tradicional, así como plenamente identificado o consumidor/cliente. A vantaxe desta modalidade de participación é que o consumidor que se rexistre para participar baixo esta modalidade, obterá 2 participacións para participar no sorteo por cada operación de compra no pequeno comercio rexistrada deste xeito.

Sinalar que quedan excluídos de participar no sorteo todos os tickets de compras efectuadas en establecementos incluídos no Sistema Nacional de Pago baixo calquera dos seguintes Códigos de Actividade Interbancaria: Alcampo (1387, 1524, 2387, 2524, 5335), Carrefour (1386, 1389, 1423, 1525, 2386, 2525) El Corte Inglés (5959), Hipercor (5338), Eroski (1388, 1415, 1416, 1417, 1446, 1529, 2388, 2529). Do mesmo xeito, excluíranse os tickets de compras realizadas en gasoliñeiras: Alcampo Gasoliñeiras, Consum Gasoliñeiras, CEPESA, Agip, BP Oil, Retail Operating Company, Makro Gasoliñeiras, Leclerc Gasoliñeiras, Corp. Alim. Guissona Gasoliñeiras, Bon Preu Gasoliñeiras, Uvesco Gasoliñeiras, Eroski Gasoliñeiras, Repsol, Campsa, así como venda de combustible a domicilio.

04. REALIZACIÓN DO SORTEO:

O SORTEO terá lugar ante notario en data de 7 de outubro de 2020, ás 12.00 horas, na sede da FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO, na primeira edición; e en data de 4 de decembro de 2020, ás 12.00 horas, na sede da FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO, na segunda edición. A realización do sorteo terá lugar de xeito telemático mediante un código programado que elixirá aleatoriamente aos agraciados de entre tódolos participantes, ata rematar a totalidade de premios/tarxetas prepago dispoñibles para sortear nesta campaña. A realización telemática do sorteo polo sistema referido, non será aberta ao público, sendo o resultado do mesmo comunicado aos agraciados polos medios que determine a organización, e que permitan deixar constancia da notificación realizada fehacientemente.

05. OS PREMIOS A SORTEAR NESTA CAMPAÑA consistirán en TARXETAS PREPAGO de ABANCA, debidamente personalizadas coa imaxe da campaña, e que os consumidores que resulten agraciados deberán utilizar para realizar novas compras única e exclusivamente no pequeno comercio tradicional, quedando expresamente excluídos os códigos de actividade interbancaria recollidos no apartado 3 das bases, así como as gasoliñeiras. Deste xeito cúmprese o fin último da campaña de incentivar o consumo e incrementar as compras no pequeno comercio detallista.

O NÚMERO TOTAL DE TARXETAS PREPAGO QUE SE SORTEARÁN NAS CATRO PROVINCIAS GALEGAS E OS IMPORTES RESPECTIVOS DAS MESMAS, SERÁN OS SEGUINTE:

- 28 TARXETAS PREPAGO POR VALOR DE 300 EUROS CADA UNHA DELAS (7 TARXETAS POR PROVINCIA)

- 52 TARXETAS PREPAGO POR VALOR DE 150 EUROS CADA UNHA DELAS (13 TARXETAS POR PROVINCIA)

O IMPORTE TOTAL DAS TARXETAS PREPAGO A SORTEAR NAS CATRO PROVINCIAS GALEGAS É DE 16.200 EUROS.

O prazo de caducidade da totalidade das tarxetas prepago será ata o 30 de xuño do 2021 engadido. Polo tanto, todas as tarxetas regalo poderán ser utilizadas única e exclusivamente no pequeno comercio, e soamente ata a data límite indicada previamente (30 de xuño de 2020).

Os premios enténdense como cantidades brutas, suxeitas ás retencións que establece a lei vixente no seu caso; polo tanto, dita retención aplicarase automaticamente nos supostos que proceda.

O consumidor/cliente/usuario rexistrado na campaña, poderá optar aos premios con varias participacións se é o caso, pero unha vez agraciado cunha destas tarxetas prepago, xa non poderá optar a ningunha máis na mesma edición, podendo obter polo tanto cada consumidor en cada edición unha única tarxeta prepago do importe que corresponda. Asímismo, en cada edición só poderá saír un premio por establecemento comercial participante. Isto é, que no caso de que nunha edición nun mesmo establecemento comercial xa resultara premiado un dos seus clientes cun ticket de compra feita no mesmo, e de novo resultase agraciado nesa mesma edición un novo cliente do mesmo establecemento con outro ticket de compra realizada neste mesmo comercio; neste caso, pasarase ao suplente, (e así sucesivamente) de tal forma que se distribúan os premios máis equitativamente, e se dean máis oportunidades para que tódolos clientes de tódolos establecementos participantes poidan ter a opción de obter un agasalho.

RESERVAS:

En cada unha das edicións, no mesmo acto de realización do SORTEO TELEMÁTICO, ademais dos elixidos como agraciados en primeiro lugar, e empregando o mesmo sistema, serán elixidos tamén aleatoriamente o seguinte número de reservas, para o caso de que algún dos premiados non cumpra as condicións ou requisitos desta campaña detallados nas presentes bases reguladoras:

- 16 RESERVAS PARA AS TARXETAS PREPAGO VALORADAS EN 300 EUROS
- 28 RESERVAS PARA AS TARXETAS PREPAGO VALORADAS EN 150 EUROS

A ENTREGA DAS TARXETAS PREPAGO AOS AGACIADOS será realizada na modalidade que acorde a organización, unha vez realizado o sorteo, sendo todos os agraciados fehacientemente notificados a tal fin, mediante comunicación persoal.

En calquera caso, en cada edición comunicaráselles aos agraciados previamente e coa antelación suficiente no seu caso, os lugares, datas e horas de realización dos actos de entrega dos premios; ou a modalidade alternativa que se decida, segundo as recomendacións/obrigas derivadas da pandemia COVID-19, e respetando en todo caso as normas sanitarias e de protección da saúde vixentes en todo momento en relación con dita crise sanitaria ou pandemia. No caso de que algún agraciado non se presente a recoller o premio correspondente, unha vez notificado fehacientemente e convocado a tal efecto, entenderase que renuncia ao mesmo a tódolos efectos, salvo que o agraciado xustifique a súa ausencia ante a organización por causa de forza maior allea á súa responsabilidade.

06. A entidade organizadora realizará tódolos trámites pertinentes para a comunicación previa desta campaña ao servizo de XOGOS, encargándose asímismo da liquidación das pertinentes taxas perante Facenda Autonómica (12% do valor económico total do sorteado).

07. Estas bases serán depositadas ante NOTARIO, e asímismo, estarán a disposición de tódolos consumidores interesados en participar e que desexen consultalas, na páxina web www.diasazuis.com.

A mera participación nesta campaña supón a plena aceptación destas bases, así como a aceptación de tódalas condicións e requisitos recollidos nas mesmas a tódolos efectos.

08. PROTECCIÓN DE DATOS. De conformidade co disposto no Regulamento da UE 2016/679 de 27 de Abril do 2016, así como na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos persoais e restante normativa estatal de aplicación no seu caso, infórmase que os datos subministrados polo titular dos mesmos aos efectos de participar nesta campaña, serán incorporados a un ficheiro ou rexistro privado e confidencial, do que é titular e responsable a entidade FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO, CIF 627170158, Ronda da Muralla, nº 52, entrecán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982255120, e-mail fgc@comerciogalicia.es. Este ficheiro estará depositado e almacenarse pola empresa: CDMON, con domicilio en Malgrat de Mar, 08380 de Barcelona, c/ Girona 81-83, Local 6, entidade que cumprirá asímismo con tódalas garantías de confidencialidade e con tódalas obrigas derivadas da normativa de protección de datos aplicable:

Que a lexitimación para a obtención destes datos ven dada, pola necesidade de contar cos mesmos para poder participar nesta campaña/acción promocional ou publicitaria, sendo tales datos tratados con tódalas garantías, e coa única finalidade de dar saída e cumprimentar os fins e obxectivos propios da campaña, e serán ditos datos conservados polo responsable do ficheiro durante o período de duración de dita campaña.

A través da súa participación nesta campaña, o titular dos datos cedidos para a mesma, que coñece e acepta o contido destas bases, presta o seu consentimento e autoriza expresamente a que tales datos básicos de identificación facilitados a tal fin, así como as imaxes tomadas no seu caso dos actos da campaña, poidan ser publicitados/as en medios de comunicación, redes sociais etc, todo elo a efectos única e exclusivamente de divulgar e publicitar dita acción promocional. Asímismo autoriza a que os datos sexan cedidos a terceiras empresas relacionadas coa entidade organizadora, aos únicos e exclusivos efectos de dar cumprimento aos fins da campaña en canto a divulgación, publicidade e promoción da mesma.

O titular dos datos subministrados, poderá exercer en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación ou supresión, limitación do tratamento, oposición ao seu tratamento, portabilidade, esquecemento, e todos aqueles recollidos na normativa aplicable, por medio de comunicación escrita dirixida a FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO, Ronda da Muralla, nº 52, entrecán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982255120, e-mail fgc@comerciogalicia.es, na cal conste expresamente e se especifique o dereito que desexa exercer.

O titular ten dereito tamén a reclamar ante a autoridade de control en materia de Protección de Datos, no caso de que considere que se vulneraron os seus dereitos nesta materia ou non obtivera satisfacción no exercicio dos mesmos.

09. A Federación Galega de Comercio resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como o de suspender a campaña/sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.